



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 30 DE MAIO DE 2022, PUBLICADA NO DOG Nº 111 DE 10 DE XUÑO DE 2022

## ACTA 2

### CONVOCATORIA PROBAS ELIMINATORIAS DE INGLÉS E TRES IDIOMAS ADICIONAIS INDICADOS NA SOLICITUDE (CHINÉS, ALEMÁN E/OU FRANCÉS), (ART. 4.4)

Pola presente, e segundo o establecido no artigo 4 das bases, convócase á proba de idioma a tódolos candidatos que presentaran a súa solicitude dentro do prazo establecido.

As probas terán lugar o martes 19 de xullo de 2022 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), sita na Rúa de Madrid nº 2-4 (Fontiñas) - 15707 Santiago de Compostela - A Coruña.

A convocatoria consistirá nunha proba eliminatória de Inglés (escrita e oral) e nas probas de idiomas adicionais indicados na solicitude (chinés, alemán e/ou francés), que igualmente constarán dunha proba escrita e outra oral. **Estes horarios son provisionais e poden sufrir variacións:**

#### **Proba escrita**

<b>Idioma</b>	<b>Data e hora</b>
Inglés	Día 19 de xullo - 09:30 - 10:30 h.
Francés	Día 19 de xullo - 11:00 - 12:00 h.
Alemán	Día 19 de xullo - 12:30 - 13:30 h.
Chinés	Día 19 de xullo - 16:00 - 17:00 h.

#### **Proba oral**

<b>Idioma</b>	<b>Data e hora</b>
Inglés	Día 19 de xullo – de 10:30 a 15:00 h. e de 16:30 a 19:00 h.
Francés	Día 19 de xullo – de 12:00 a 19:00 h.
Alemán	Día 19 de xullo - de 10:30 a 19:00 h.
Chinés	Día 19 de xullo - de 17:00 a 19:00 h.

Os candidatos deberán presentarse provistos de **bolígrafo** de tinta negra ou azul e



**DNI/Pasaporte** para a súa identificación cunha antelación de 15 minutos á realización das probas. Prégase puntualidade e infórmase de que non se permitirá o acceso ás probas ós candidatos que non presenten o DNI/Pasaporte. Recoméndase o uso da mascarilla durante a realización das probas.

A quenda horária por idioma en que terán que comparecer os candidatos para as probas orais coñecerase na EGAP o martes 19 de xullo, ó remate da proba escrita de inglés.

Unha vez realizada e correxida a proba de idiomas o Comité de Selección publicará unha lista provisional segundo a puntuación obtida conforme ó seguinte baremo (Art. 12):

- a) Proba de inglés (nivel C1: 10 puntos).
- b) Resultado proba de idioma adicional 1 (nivel B1: 6 puntos; nivel B2: 8 puntos; nivel C1: 10 puntos).
- c) Resultado proba de idioma adicional 2 (nivel B1: 6 puntos; nivel B2: 8 puntos; nivel C1: 10 puntos).
- d) Resultado proba de idioma adicional 3 (nivel B1: 6 puntos; nivel B2: 8 puntos; nivel C1: 10 puntos).
- e) Outorgaranse 25 puntos aos graduados en calquera das seguintes ramas de coñecemento: Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Transporte e Loxística, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Empresariais, Ciencias Políticas, Comercio, Comercio Exterior, Dereito, Dirección e Creación de Empresa, Dirección de EmpresasBBA, Dirección Financeira e Contabilidade, Economía, Enxeñaría, Estatística e Empresa, Márketing e Dirección Comercial, Márketing e Investigación de Mercados, Relacións Internacionais, Matemáticas, Física, Química.
- f) Formación específica de posgrao en comercio exterior (máximo 20 puntos nesta alínea). Obterá 5 puntos por curso completo de 140 a 299 horas (entre 14 e 29,9 créditos); 10 puntos por curso completo de 300 horas ou máis (30 ou máis créditos); 20 puntos por máster en Comercio Internacional, MBA, máster en Márketing, Márketing Dixital, Márketing (en liña ou similar).



Polo que se refire a esta formación, o Igape poderá exixir información adicional para a súa acreditación (información da entidade que impartiu a formación, temario do curso, formadores...).

g) Outra formación de posgrao relacionada coa xestión empresarial (máximo 15 puntos nesta alínea). Obterá 2 puntos por curso completo de 140 a 299 horas (entre 14 e 29,9 créditos); 4 puntos por curso completo de 300 horas ou máis (30 ou máis créditos); 10 puntos por máster.

Polo que se refire a esta formación, o Igape poderá exixir información adicional para a súa acreditación (información da entidade que impartiu a formación, temario do curso, formadores...).

Para os cursos de formación incluídos nas alíneas f) e g), a puntuación máxima para cursos realizados en liña, independentemente do número de cursos realizados, será de 10 puntos.

A lista provisional, con indicación da puntuación obtida publicárase na páxina web do Igape, [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), e abrirase un prazo de 5 días hábiles para que os interesados poidan presentar alegacións e para presentar a documentación acreditativa das circunstancias alegadas nas solicitudes que faltase.

En Santiago de Compostela,

O subdirector do Área de Internacionalización do IGAPE

Leopoldo Yeste Sánchez